

Guías Docentes

Definición e directrices para a súa elaboración (SIGMA)

Índice

1	Definición de guía docente	3
1.1	Obxecto	3
1.2	Contido da guía docente	3
1.2.1	Información da guía docente	3
1.2.2	Datos xerais	3
1.2.3	Contidos	3
1.2.4	Actividades formativas e metodoloxías docentes	4
1.2.5	Resultados de aprendizaxe/Competencias	4
1.2.6	Sistemas de avaliación	4
1.2.7	Bibliografía	5
1.2.8	Recomendacións	5
1.3	Aprobación	5
1.4	Publicación	6
1.5	Modificación	6
1.6	Incumprimento	6
1.7	Suxestións con respecto á realización das guías	6
2	Elaboración das guías docentes	7
2.1	Acceso á aplicación Guías Docentes SIGMA	7
2.2	Realización dunha guía docente da Uvigo	8
2.2.1	Información da guía docente	9
2.2.2	Selección de apartados	9
2.2.3	Introdución da información específica	16
2.3	Creación da guía docente noutras linguas	23
2.4	Validación da guía docente	25
2.5	Publicación da guía docente	28
3	Relación entre Docnet e SIGMA	29

1 Definición de guía docente

A guía docente é o documento que concreta a planificación dunha materia de xeito claro e preciso dentro dun plan de estudos definido. Polo tanto, a guía docente constitúe o marco teórico que describe o proceso de ensino-aprendizaxe e supón un acordo entre os diferentes actores involucrados no seu desenvolvemento.

1.1 Obxecto

Mediante a elaboración e publicación de guías docentes preténdese:

- Facilitar a planificación, coordinación e desenvolvemento da docencia por parte do profesorado.
- Organizar, orientar e facilitar a aprendizaxe dos estudantes.
- Xerar un procedemento sistematizado baseado na organización, transparencia e información da actividade de docencia e aprendizaxe.

1.2 Contido da guía docente

A guía docente deberá recoller a información organizativa e académica necesaria para que o estudiantado estea debidamente informado sobre a materia, e prestará especial atención ás metodoloxías, aos resultados de aprendizaxe e aos procesos de avaliación e cualificación.

A información incluída na guía docente será común a todos os grupos de docencia da materia, se ben poderán definirse unhas metodoloxías e un sistema de avaliación e cualificación diferente en función da modalidade de impartición (presencial, semipresencial ou non presencial).

1.2.1 Información da guía docente

Este primeiro apartado contén a información académica da materia da guía docente. Inclúese a información relacionada coa materia como a súa duración en créditos ECTS, o curso e o cuatrimestre onde se imparte e se é de formación básica, obrigatoria ou optativa, tamén se inclúe a denominación da titulación ou titulacións nas que se imparte e as persoas coordinadoras da materia e da/s titulación/s onde se imparte.

1.2.2 Datos xerais

Este apartado ten como obxectivo contextualizar e explicar ao alumnado o significado que ten a materia na súa formación como graduado. É importante:

- Situar a materia dentro do curso/módulo/titulación
- Identificar o profesorado da materia e as linguas de impartición
- Describir a relación e a maneira en que a materia dá continuidade a outras previas ou prepara para posteriores
- Sinalar brevemente os coñecementos ou competencias previas que é recomendable dominar
- Indicar a relación co ámbito profesional, ou qué achega a materia no desenvolvemento do perfil de saída.

Esta información está dirixida ao alumnado, polo tanto, a súa redacción debe ser comprensible para alguén que non domina o contido da materia en cuestión.

1.2.3 Contidos

Este apartado incluírá unha breve descrición dos grandes bloques de contido da materia organizados por temas. Neste apartado poderán ampliarse e especificarse os contidos recollidos brevemente na memoria da titulación.

1.2.4 **Actividades formativas e metodoloxías docentes**

Neste apartado aparecerán as actividades desenvolvidas na materia xunto cunha breve descrición das mesmas e as horas totais asignadas a cada unha delas.

Recoméndase introducir información xeral sobre as actividades máis importantes da materia en cuestión. Non é necesario entrar en detalle, pero si especificar os grandes bloques de actividades e fitos da materia.

Tamén se incluírá neste apartado, información sobre as metodoloxías docentes que se seguirán na materia, é dicir, as estratexias que se poñerán en marcha para que o alumnado desenvolva as competencias e materialice os resultados de aprendizaxe.

É importante lembrar que o Estatuto do Estudante Universitario indica que este ten dereito a “unha avaliación obxectiva e sempre que sexa posible continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.” (Art 7, apartado h)

Neste apartado, so poderán incorporarse as metodoloxías recollidas na [Guía de metodoloxías docentes e sistemas de avaliación](#) da Universidade de Vigo.

1.2.5 **Resultados de aprendizaxe/Competencias**

O Marco de cualificacións do EEES define os resultados de aprendizaxe como a descrición do que as persoas en proceso de aprendizaxe deberían saber, entender ou poder facer ao final dun ciclo formativo. Segundo se recolle no RD 822/2021 de 28 de setembro clasifícanse en tres tipos:

- Contidos / coñecementos
- Habilidades / destrezas
- Competencias

Neste apartado o equipo docente deberá sinalar cales son os resultados de aprendizaxe que os e as estudantes deberán lograr ao longo da materia. A información que se inclúa neste apartado debe estar en consonancia co que indica a memoria verificada do título.

Hai que ter en conta que as memorias aínda non adaptadas ao Real Decreto 822/2021 falan de competencias e non de resultados de aprendizaxe. Neste caso as competencias divídense historicamente en básicas, obrigatorias, específicas e transversais. E en todo caso, figuran na memoria da titulación.

1.2.6 **Sistemas de avaliación**

O Estatuto do estudante universitario indica que este ten dereito “a unha avaliación obxectiva e sempre que sexa posible continua” (Art.7, apartado h).

As guías docentes recollerán as actividades que contribúan á cualificación final, a súa ponderación e a súa obrigatoriedade, se a houbese, de obter unha cualificación mínima nalgunha delas.

Segundo se establece no [Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado](#) para garantir que a avaliación continua sexa diversificada, ningunha das probas ou actividades que a constitúan poderán supoñer por si mesmas máis do 40% da cualificación final da materia, agás na segunda oportunidade de avaliación que poderá ser superior.

Os sistemas, as metodoloxías e os criterios de avaliación deberán ser públicos a través das guías docentes das materias e garantir a obxectividade e a ecuanimidade na valoración dos resultados da aprendizaxe obtidos polo estudantado.

Os sistemas de avaliación estarán divididos en dous grandes grupos ou modalidades: metodoloxías de avaliación continua e metodoloxías de avaliación global.

O estudantado terá dereito a elixir o tipo de sistema co que será avaliado dentro de cada materia. A avaliación será preferentemente continua, sen prexuízo da obriga de poñer probas de avaliación global, como alternativa e sempre dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudantado que renuncie á avaliación continua.

A elección da modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro, que non poderá ser inferior a un mes.

A elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

A todo o estudantado dunha mesma materia aplicaráselle, dun xeito homoxéneo, as especificacións sobre a avaliación recollidas na guía docente, con independencia do seu grupo de adscrición e do profesorado responsable da súa docencia, avaliación e cualificación. As metodoloxías e os criterios de avaliación non se poderán modificar unha vez iniciado o curso académico correspondente.

Con independencia do sistema de avaliación elixido, o estudantado terá sempre dereito a optar á máxima cualificación.

1.2.7 Bibliografía

A bibliografía docente comprende os recursos de aprendizaxe e fontes de información que se utilizarán nunha materia. Pode incluír formatos e soportes diversos, impresos ou electrónicos: libros, revistas, artigos ou partes dunha publicación, páxinas web, coleccións de problemas, titorías, simulacións, programas, etc.

- **Bibliografía básica:** Textos de carácter xeral, utilizados como guión básico ou como apoio ás exposicións do docente e ás actividades que desenvolverá o alumnado recorrendo a esa información.
- **Bibliografía complementaria:** Estudos específicos sobre temas concretos dentro dunha disciplina. Ofrece maior dificultade que un manual e recoméndase como ampliación ás exposicións feitas nas clases ou como documentación de investigación bibliográfica para traballos de clase, proxectos,...

1.2.8 Recomendacións

Neste apartado pódense recoller os recursos que o alumnado necesita para proceder á aprendizaxe dunha materia, e todas aquelas aclaracións sobre calquera outro aspecto que se considere relevante non reflectido anteriormente.

1.3 Aprobación

Antes de aprobarse as guías docentes, a comisión do centro con competencias en calidade validará as propostas de guía docente recibidas segundo o marco normativo aplicable, atendendo especialmente á verificación de que a información contida nestas sexa completa, clara e comprensible para o estudantado. No caso de atopar deficiencias, estas devolveránselles ás persoas responsables da coordinación dos títulos para que se resolvan.

A Xunta do Centro deberá aprobar as guías docentes validadas pola comisión con competencias en calidade tras comprobar a súa adecuación ao marco normativo.

O centro é o responsable da posta en marcha e da comunicación dos prazos e dos procedementos para a elaboración, entrega e validación das guías docentes de cada materia sempre dentro das instrucións establecidas pola vicerreitoría con competencias na materia.

No caso das materias de estudos interuniversitarios non coordinados pola Universidade de Vigo, os prazos, a forma de elaboración e, no seu caso, a modificación e a súa aprobación, serán establecidos pola universidade ou polo centro que coordine a docencia.

En calquera caso, a vicerreitoría con competencias na materia velará para que a información estea dispoñible para o estudantado ao comezo do período de matrícula e para que o contido das ditas guías se axuste ao marco normativo e aos estándares de calidade do espazo europeo de educación superior (EEES). No caso de materias non impartidas pola Universidade de Vigo, deberase elaborar igualmente a guía docente da materia, que incorporará polo menos a ligazón á guía docente da universidade onde se imparta.

1.4 Publicación

Unha vez aprobadas na xunta do centro, as guías docentes deberán publicarse polo centro correspondente, en todas as linguas oficiais e antes do comezo do período de matriculación do curso académico ao que a guía fai referencia, **na web da Universidade de Vigo e estar accesibles a través das webs dos centros e/ou títulos.**

1.5 Modificación

Segundo o regulamento citado anteriormente, se unha vez pechada a guía docente, por algunha razón xustificada e debidamente acreditada, fose necesario realizar modificacións, estas serán aprobadas pola Xunta do Centro.

Non se autorizarán modificacións da guía docente que afecten ás metodoloxías e aos criterios de avaliación e/ou cualificación do estudantado unha vez comezada a impartición da materia, agás nos casos nos que se trate de adaptala ao marco normativo en vigor.

Nos casos en que a proposta de modificación prospere, o centro solicitaralle á vicerreitoría con competencias abrir un período excepcional de modificacións.

Unha vez modificada a guía docente, o coordinador/a da materia deberá comunicarlle directamente ao estudantado matriculado na materia afectada, tanto os cambios realizados como a xustificación destes.

1.6 Incumprimento

O estudantado ten dereito a interpoñer, unha reclamación motivada dirixida ao decanato ou á dirección ao que estea vinculada a titulación da materia, no caso de considerar que a guía docente desta foi incumplida por algún dos ou das docentes involucrados na súa impartición.

Unha vez recibida a reclamación, o decanato ou a dirección trasladaranlles, nun prazo máximo de dous días hábiles, a reclamación aos docentes responsables da materia, que poderán presentar alegacións nun prazo de cinco días hábiles.

Vistas as alegacións presentadas polos/as docentes responsables da materia, o centro resolverá a reclamación nun prazo máximo de cinco días hábiles e tomará as medidas necesarias e oportunas para garantir o adecuado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe

No caso dunha resolución desfavorable na reclamación do proceso, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría, que actuará de conformidade co establecido no título XI do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo.

1.7 Suxestións con respecto á realización das guías

As guías docentes son documentos públicos, por tanto é importante:

- Redactar textos claros e de fácil comprensión, tanto para o alumnado como para o público en xeral.
- Coidar o uso non sexista da linguaxe ao longo da guía docente.
- Garantir que as guías docentes están publicadas nas dúas linguas oficiais da UVigo.

2 Elaboración das guías docentes

2.1 Acceso á aplicación Guías Docentes SIGMA

A aplicación para a realización das guías docentes atópase na secretaria virtual.

Para acceder dende o exterior será necesario establecer, a través dunha VPN, unha conexión remota cun equipo conectado á rede da Uvigo.

Posteriormente, prémese o botón verde “Acceder” do acceso centralizado.

The screenshot shows the 'Documentación á man' section of the University of Vigo portal. It features several service tiles: Teletraballo, Moovi, Personal Invest., Campus Remoto, Videotutoriais, and Office 365. Below these is the 'Acceso' section, which includes a 'Útiles' box with links for FAQs, help, and account recovery, and an 'Acceso centralizado' box. The 'Acceso centralizado' box contains the text 'Cambia de aplicación sen ter que identificarte de novo' and lists options for 'Correo uvigo', 'NIU', and 'DNle / Certificado FNMT'. A red circle highlights the green 'Acceder' button in the 'Acceso centralizado' section. A red arrow points from the text 'Posteriormente, prémese o botón verde “Acceder” do acceso centralizado.' to this button.

e proceder á identificación co usuario e contrasinal empregado para acceder á túa secretaria virtual de xeito xeral.

Universidade de Vigo

Identificación de usuario

Autenticación centralizada

USUARIO


CONTRASINAL

ACEPTAR

OUTROS MEDIOS DE AUTENTICACIÓN



Unha vez identificado, aparecerá unha páxina solicitando o envío de atributos.


O seguinte paso será acceder á aplicación Sigma, premendo o botón  que se atopa no apartado de accesos rápidos, na parte superior da secretaría virtual.





Posteriormente á aplicación SIGMA na que se vai a desenvolver a proba das guías docentes.

2.2 Realización dunha guía docente da Uvigo

Para a realización da guía hai que ir ao menú “Guía Docente por asignatura”, seguindo estes pasos:
Definición Oferta Académica → Guía Docente por asignatura



Posteriormente aparecerá unha páxina coas materias que o/a usuario/a ten habilitadas para realizar a súa guía docente. Pulsarase o botón de editar materia  da materia correspondente.



Aparecerá a páxina “Guía docente por asignatura” na que se poderá completar a información da guía docente.

2.2.1 Información da guía docente

Na parte superior desta páxina “**Guía docente por asignatura**” está a información da guía docente. A información que se recolle neste bloque procede doutros módulos de SIGMA, e configúrase de xeito automático.

Na aplicación hai 2 opcións para introducir a información

1. **Selección de apartados definidos:** Hai apartados que son comúns para as guías docentes e xa están definidos na aplicación (resultados de formación e aprendizaxe e sistemas de avaliación...). Nestes casos, habería que seleccionalos na páxina de “**Selección de apartados**”. No epígrafe [2.2.2 Selección de apartados](#) explicase como se seleccionan os distintos apartados
2. **Introdución da información específica:** Hai outros apartados que son específicos para cada guía docente ou non están definidos e neste caso habería que introducir a información nos correspondentes campos de texto na páxina “**Guía Docente por asignatura**”. No epígrafe [2.2.3 Introdución da información específica](#) explicase como se introduce esta información

A continuación procederase a explicar a selección dos apartados e posteriormente procederase a describir como se introduce a información específica.

2.2.2 Selección de apartados

Na parte superior da páxina hai unha mensaxe cunha ligazón para acceder á páxina “**Selección de Apartados**”

Pulsando nesta ligazón “**Selección de Apartados**” aparecerá un menú cos seguintes bloques:

- Resultados de Aprendizaxe / Competencias
- Actividades Formativas
- Sistemas de Avaliación Continua
- Contidos da Materia
- Bibliografía

GL/Definición Oferta Académica > GL/Guía Docente > Guía Docente por materia

Guía Docente por materia

Profesor/a Coordinador Ano académico: 2024/25

As miñas materias pendentes

Código	Accións
2215	[Iconos]
2704	[Iconos]
2738	[Iconos] [Icono editado]
2739	[Iconos]

1 - 4 de 4 registros.

As miñas materias enviadas a p...

Edición da guía docente

27338 - Evaluación Ambiental e Económica

Tipo de rol	Profesor/a	Ano académico	2024/25
Estado	Sen guía docente	Non publicado	

Máis información

A Guía Docente é única por materia. Neste caso, os profesores do grupo matriculable son

Preme **Selección de apartados** para acceder ao menú para seleccionar os apartados definidos:

- Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Actividades Formativas
- Sistemas de Avaliación Continua
- Contidos da Materia
- Bibliografía

Inglés Castelán Galego

Información da Guía Docente

Titulación:
Nº Créditos:
Tipo Materia:
Curso:
Cuadrimestre:
Nivel:
Coordinadores/as Titulación:
Coordinadores/as Materia:

- Datos Xerais
 - 1.1. Profesorado
 - 1.2. Enderezo Electrónico do profes
 - 1.3. Línguas de Impartición
 - 1.4. Outras línguas de impartición
 - 1.4.1. Ligazóns ás guías docentes nou
 - 1.5. Descrición Xerat
- Contidos
 - 3.1. Actividades Formativas e Metodoloxía
 - 3.1.1. Actividades Formativas

Selección de apartados

Resultados de Aprendizaxe / Competencias

Seleccione os Resultados de Aprendizaxe ou Competencias segundo corresponda de entre os dispoñibles.

Competencias

Actividades Formativas 1

Sistemas de Avaliación Continua 0

Contidos da Materia 0

Bibliografía 0

No se han encontrado prerrequisitos disponibles para esta asignatura, por favor, revise que estén definidos en su correspondiente mantenimiento de 'Datos por Apartado'.

Agora procederáse explicar a selección da información de cada un dos bloques.


2.2.2.1 Selección dos Resultados de Aprendizaxe / Competencias

Neste bloque hai que seleccionar os **resultados de aprendizaxe** (coñecementos, habilidades ou competencias) determinados na memoria da titulación (ficha de materia) segundo o establecido polo **RD 822/2021**.

Se a memoria en vigor da titulación aínda non foi adaptada ao RD 822/2021, e polo tanto segue a estrutura do **RD 1393/2007** haberá que seleccionar as **competencias** (básicas, xerais, específicas e transversais).

Para comezar haberá que pulsar Coñecementos, Habilidades ou Competencias, segundo corresponda.

Despois se despregará un menú cunha listaxe e haberá que pulsar nos resultados de aprendizaxe ou competencias que correspondan para seleccionalos. Os resultados ou as competencias seleccionadas resaltarán en cor azul.




Este apartado correspóndese co bloque “*Resultados de Formación e Aprendizaxe*” da aplicación “Docnet”.

2.2.2.2 Selección das Actividades Formativas

O bloque de Actividades Formativas e Metodoloxías Docentes atópase a continuación do bloque de Resultados de aprendizaxe / Competencias. Neste bloque hai que indicar as actividades formativas empregadas na impartición da materia.

O bloque de actividades formativas correspóndese co bloque “*Planificación*” de Docnet.



En primeiro lugar haberá que seleccionar a modalidade de impartición de docencia da materia.

Despregarase un menú no que haberá que pulsar  para seleccionar as actividades formativas definidas.

Posteriormente aparecerá un menú emerxente, no que se poderán seleccionar as actividades formativas definidas no despregable “Nome”.

Despois terase que indicar horas lectivas presenciais, que son as horas de docencia na aula e as horas de traballo autónomo, que son as horas fóra da aula.

No caso de docencia híbrida ou virtual haberá que indicar as horas lectivas virtuais. Toda esta información atópase nas fichas de materia contidas na memoria da titulación.



Finalmente haberá que gravar pulsando  que se atopa na parte inferior do menú.

Nota: Se hai unha actividade formativa que non estea na listaxe, deberase introducir a totalidade das actividades formativas na “Guía Docente por Asignatura”, tal e como se explica no epígrafe [2.2.3.3 Introducción de Actividades Formativas](#).

2.2.2.3 Selección dos Sistemas de Avaliación Continua

O bloque Avaliación Continua está na páxina de **Selección de Apartados** a continuación do bloque de Actividades Formativas. Neste bloque hai que elixir os sistemas de avaliación utilizados na avaliación continua.

Para a súa cumprimentación hai que ter en conta o establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado](#).

A nivel xeral, correspóndese co bloque “Avaliación” na anterior aplicación “Docnet”.

En primeiro lugar haberá que seleccionar a modalidade de impartición de docencia da materia.

Despregarase un menú no que haberá que pulsar  para seleccionar os sistemas de avaliación definidos.

Sistemas de Avaliación

Selecione o sistema de avaliación da modalidade de impartición de docencia que corresponda. Debe indicar a ponderación de cada un dos sistemas para avaliación total. A suma das ponderación debe ser 100%.

Modalidade Presencial

Modalidade On-line

Modalidade Híbrida

Selecione o sistema de avaliación da modalidade de impartición de docencia que corresponda. Debe indicar a ponderación de cada un dos sistemas para avaliación total. A suma das ponderación debe ser 100%.

Modalidade Presencial

+ Engadir asignación

Código	Nome	Descrición	Ponderación	Resultados de Aprendizaxe / Competencias
Non se seleccionaron datos para este apartado				


Posteriormente aparecerá un menú emerxente, no que se poderán seleccionar os sistemas de avaliación continua definidos, que se atopan no desplegable “Nome”, e indicando posteriormente a “Ponderación” asociada deste sistema de avaliación no conxunto da avaliación total.

Engadir asignación Sistemas de Avaliación Continua - Modalidade Presencial

Nome * A1 - Exame de preguntas obxectivas

Descrición * Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as 188 / 600

Ponderación * 100,00

Despois haberá que gravar pulsando en , que se atopa na parte inferior do menú.


2.2.2.4 Selección dos contidos da materia


O bloque Contidos da materia está na páxina de **Selección de Apartados** a continuación do bloque de Sistemas de Avaliación Continua. Neste bloque hai que indicar os contidos da materia organizado por temas.

Haberá que pulsar  para seleccionar os contidos da materia organizados por temas.

Aparecerá un menú emerxente, no que haberá que seleccionar a Unidade de contido (tema 1, tema 2...etc) e engadir unha breve descrición do tema.


Aparecerá un menú emerxente, no que haberá que seleccionar a Unidade de contido (tema 1, tema 2...etc) e engadir unha breve descrición do tema.



Finalmente haberá que pulsar  para gravar que se atopa na parte inferior do menú.

2.2.2.5 Definición e selección da bibliografía

O bloque Bibliografía está na páxina de **Selección de Apartados** despois do bloque de Contidos da materia. Neste bloque hai que indicar a bibliografía básica e complementaria asociada á materia.




No momento de determinar a bibliografía da materia, haberá que consultar a súa dispoñibilidade na Biblioteca Universitaria nesta ligazón: https://perseo.uvigo.gal/discovery/search?vid=34CISUG_UVIGO:VU1&lang=gl


No caso que non estivera dispoñible, deberase solicitar a adquisición do recurso bibliográfico pola Biblioteca cumprimentando o formulario que se atopa nesta ligazón: <https://adquisicions.intranetdabiblio.es/bibliografia>

Para comezar coa selección da bibliografía haberá que escoller se a bibliografía é básica ou complementaria.


Recoméndase que a listaxe da bibliografía básica non exceda dos 6 recursos.

Despreparase un menú no que haberá que pulsar  para seleccionar a bibliografía definida.

A continuación aparecerá unha listaxe cos recursos bibliográficos, xa definidos en SIGMA. Se o recurso se atopa na listaxe, haberá que seleccionalo pulsando sobre a frecha  que se atopa na parte esquerda do recurso.

Se o recurso non se atopa na listaxe, haberá que crealo pulsando  , na parte inferior da páxina

Despois aparecerá un menú emerxente, no que haberá que definir a bibliografía, indicando obrigatoriamente a autoría, o título do recurso e o seu código (ISBN/DOI)



Engadir Bibliografías - Básica

Tipo de recurso: -- Seleccionar Tipo de recurso --

Autoría *: 0 / 800



Ano: 0 / 20


Título *: 0 / 255

Código (ISBN/DOI) *: 0 / 100

Editorial: 0 / 255

URL: 0 / 100

Finalmente pulsar en  , que se atopa na parte inferior da páxina.

2.2.3 Introdución da información específica

Unha vez que os apartados están seleccionados o seguinte paso é engadir a información específica, volvendo a páxina de orixe “**Guía Docente por asignatura**”, onde se atopan os apartados que hai que cumprimentar para completar a guía. A continuación se procederá a súa explicación de cada apartado

Edición de la guía docente

👁 ← Volver 🗑 Guardar borrador

19249 - Informática: Técnicas informáticas

Tipo de rol	Coordinador de la titulación 10185, 11354	Año académico	2024/25
Estado	No validada	No publicado	

[Mas información](#)

⚠ Preme **Selección de apartados** para acceder ao menú para seleccionar os apartados definidos:

- Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Actividades Formativas
- Sistemas de Avaliación Continua
- Contidos da Materia
- Bibliografía

Inglés Castellano Gallego

Porcentaje de introducción de la guía

Información da Guía Docente

Titulación:	11403 - Grao en Belas Artes
Nº Créditos:	6.0
Tipo Materia:	Formación Básica
Curso:	1
Cuadrimestre:	Primeiro cuadrimestre
Nivel:	Grao (MECES 2)
Coordinadores/as Titulación:	---
Coordinadores/as Materia:	José Castro Muñiz


1. Datos Xerais
 - + 1.1. Profesorado
 - + 1.2. Enderezo Electrónico do profesorado
 - + 1.3. Linguas de Impartición
 - + 1.4. Outras linguas de impartición
 - + 1.4.1. Ligazóns ás guías docentes noutras linguas
 - + 1.5. Descrición Xeral
2. Contidos
3. Actividades Formativas e Metodoloxías Docentes
 - + 3.1. Actividades Formativas
 - + 3.2. Metodoloxías Docentes
4. Resultados de Aprendizaxe (RD 822/2021) / Competencias (RD 1393/2007)
5. Sistemas de Avaliación
 - + 5.1. Avaliación Continua
 - + 5.2. Avaliación Global
 - + 5.3. Avaliación Extraordinaria
6. Bibliografía
- + 7. Observacións/Recomendacións

2.2.3.1 Datos xerais

Neste bloque está a información sobre a impartición da materia. Ten os seguintes apartados:


1.1 Profesorado:

Neste apartado inclúese o profesorado que imparte docencia na materia, que se recolle da información que se recolle do módulo de SIGMA relacionado co POD.




1.2. Enderezo electrónico do profesorado

Neste apartado inclúense os enderezos electrónicos do profesorado que imparte docencia. Aparecen por defecto os enderezos electrónicos do profesorado que imparte docencia na materia rexistrado no módulo de SIGMA relacionado co POD, pero poderase modificar se fora necesario.



1.3 Linguas de impartición:

Neste apartado hai que seleccionar as linguas de impartición da materia, premendo nelas, na parte esquerda e desprazándoas á parte dereita. Na columna da dereita están as linguas seleccionadas.



1.4 Outras linguas de impartición


Neste apartado hai que seleccionar francés, italiano ou portugués no caso que a materia se imparta tamén nalguna destas linguas. Despois haberá que engadir no epígrafe "[1.4.1 Ligazóns ás guías docentes noutras linguas](#)" as ligazóns onde se aloxan a guías nas linguas seleccionadas.

Se a materia é English Friendly haberá que engadir no campo de texto o seguinte:

- **Galego:** Materia do programa English Friendly. O estudantado internacional poderá solicitar ao profesorado:
 - a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés,
 - b) atender as titorías en inglés,
 - c) probas e avaliacións en inglés.
- **Castelán:** Materia del programa English Friendly: El estudiantado internacional podrá solicitar al profesorado:
 - a) materiales y referencias bibliográficas para el seguimiento de la materia en inglés,
 - b) atender las tutorías en inglés,
 - c) pruebas y evaluaciones en inglés.
- **Inglés:** English Friendly subject: International students may request from the teachers:
 - a) resources and bibliographic references in English,
 - b) tutoring sessions in English,
 - c) exams and assessments in English

2.2.3.2 Contidos da materia

Neste apartado inclúense os contidos da materia organizado por temas. Recoméndase indicar os temas que se desenvolven na materia e **unha breve descrición** dos mesmos. Para a súa introdución haberá que pulsar **Selección de Apartados** e seguir os pasos descritos no epígrafe [2.2.4.4 Selección dos Contidos da materia](#)




2.2.3.3 Actividades Formativas e Metodoloxías docentes

3.1 Actividades Formativas

Neste apartado hai que indicar as actividades formativas empregadas na impartición da materia. Correspóndese co bloque “Planificación” da aplicación “Docnet” e están determinadas na maioría das memorias da titulación

Para a introdución das “Actividades formativas” hai 2 opcións:

1. **Selección de actividades estándar:** Elixindo unhas actividades formativas definidas en **Selección de Apartados**, tal e como se detalla no epígrafe [2.2.2.2 Selección de Actividades Formativas](#).



2. **Introdución das actividades formativas específicas:** No caso que houbera algunha actividade formativa que non estivera nas actividades predefinidas, haberá que engadir unha táboa no menú de texto. A táboa deberá ter polo menos as seguintes columnas:

- Actividade Formativa
- Descrición da actividade
- Nº de horas presenciais
- Nº de horas de traballo autónomo

3.1. Actividades Formativas

Podes seleccionar as actividades formativas definidas en SELECCIÓN DE APARTADOS ou introducilas no campo de texto. ¡¡IMPORANTE: SÓ PODERASE UTILIZAR UNHA DAS 2 OPCIONS.

BLOQUE CON INFORMACIÓN OBTENIDA DEL SELECCIÓN DE APARTADOS

Archivo - Editar - Ver - Insertar - Formato - Tabla -

Formatos - Imágenes -

BLOQUE CON INFORMACIÓN OBTENIDA DEL SELECCIÓN DE APARTADOS

Actividade Formativa	Descrición da Actividade	Nº Horas presenciais	Nº Horas de traballo autónomo
Actividade 1			
Actividade 2			
Actividade 3			

Nota: Só poderán engadir actividades formativas empregando unha das dúas opcións.

3.2 Metodoloxías Docentes

Neste apartado hai que seleccionar as metodoloxías docentes que se aplican na impartición da materia. Como no caso das actividades formativas, está información pode estar recollida na ficha de materia da memoria de titulación. As metodoloxías selecciónanse pulsando nelas e desprazándoas a parte dereita do apartado.

Este bloque correspóndese co bloque “Metodoloxías Docentes” da anterior aplicación “Docnet”.

3.2. Metodoloxías Docentes

Desprace ao bloque da dereita as metodoloxías docentes empregadas.

→ →

A. Actividades Introdutorias
B03 Instrucións programadas
C002 Presentación
C03. Estudo de casos
C10. Prácticas de campo

← ←

B01 Lección maxistral
B02 Eventos científicos
C01 Resolución de problemas

2.2.3.4 Resultados de Aprendizaxe (RD 822/2021) / Competencias (RD 1393/2007)

Neste bloque haberá que seleccionar os resultados de aprendizaxe (competencias, coñecementos ou habilidades) ou as competencias, segundo o caso, que están definidos na memoria da titulación da materia.

A información contida neste apartado foi obtida da última guía docente aprobada e publicada na anterior aplicación "Docnet" do bloque "Resultados de Formación e Aprendizaxe".

Para a súa introdución haberá que pulsar **Selección de Apartados** e seguir os pasos descritos no epígrafe [2.2.2.1 Selección de Resultados de Aprendizaxe/Competencias](#)

4. Resultados de Aprendizaxe (RD 822/2021) / Competencias (RD 1393/2007)

Pulse SELECCIÓN DE APARTADOS para definir las Competencias o Resultados de Aprendizaje, según la memoria.

BLOQUE CON INFORMACIÓN OBTENIDA DE SELECCIÓN DE APARTADOS

Resultado Competencias
A04 - Competencia Básica: Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.

2.2.3.5 Sistemas de Avaliación

Neste bloque hai que introducir como se avalía ao estudantado na materia, tanto na avaliación continua como na avaliación global.

5.1 Avaliación Continua

No caso de avaliación continua, hai que elixir os sistemas de avaliación utilizados en **Selección de Apartados** tal e como se explicou no epígrafe [2.2.2.3 Selección dos Sistemas de Avaliación Continua](#)

Este bloque correspóndese co bloque "Avaliación" da anterior aplicación "Docnet".

5.1. Avaliación Continua

Pulse SELECCIÓN DE APARTADOS para elixir os sistemas de avaliación empregados. Podes engadirla unha explicación máis detallada no campo de texto.

BLOQUE CON INFORMACIÓN OBTENIDA DE SELECCIÓN DE APARTADOS

Modalidad Presencial		
Sistema de evaluación	Descripción	Ponderación
A1 - Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalian o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as	100,00
Porcentaje total		100,00

Archivo - Editar - Ver - Insertar - Formato - Tabla -

Formatos - Párrafo - Verdana - 11pt - Imágenes -


BLOQUE CON INFORMACIÓN OBTENIDA DEL SELECCIÓN DE APARTADOS

Na parte inferior do apartado hai un campo de texto, que se poderá utilizar para engadir información que complemente a avaliación continua.

5.2 Avaliación Global

A introdución da información relativa á avaliación global realízase nun campo de texto.


Este campo correspóndese co bloque “*Outros comentarios sobre a avaliación*” da aplicación Docnet.



5.3 Avaliación Extraordinaria


A introdución da información relativa á avaliación extraordinaria, que se refire á avaliación realizada no mes de xuño e ao remate da carreira, realízase nun campo de texto.

Este campo correspóndese co bloque “*Outros comentarios sobre a avaliación*” da aplicación Docnet.




2.2.3.6 Bibliografía

Neste apartado hai que seleccionar a bibliografía básica e complementaria recomendada en **Selección de Apartados** e seguir o explicado anteriormente no epígrafe [2.2.2.5 Definición e Selección da Bibliografía](#).



2.2.3.7 Observacións / Recomendacións

Neste apartado engadirase, nun menú de texto, a información aclaratoria ou de interese para o estudiantado.



2.3 Creación da guía docente noutras linguas

A nivel xeral, toda a información de cada guía docente deberá incluírse nas dúas linguas obrigatorias (galego e castelán), e existe a opción de realizala en inglés.

A continuación explicárase a realización da guía nunha lingua e posteriormente, no epígrafe "[Creación da guía docente noutras linguas](#)" detallárase a forma de realizar a guía nas outras linguas.

Para a realización da guía en galego ou castelán poderá utilizarse o seguinte tradutor premendo nesta ligazón:

<https://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>

Unha vez que a guía docente esta definida en galego (lingua principal na edición das guías docentes), o seguinte paso será realizar a guía en castelán e inglés (se corresponde). Os apartados definidos en **Selección de apartados** están definidos nas tres linguas.

Para traducir a guía a **castelán ou galego** poderá utilizarse esta ligazón:

<https://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>

Para traducir a guía a **inglés ou castelán** poderá utilizarse esta ligazón: <https://www.deepl.com/es/translator>

Na parte superior da páxina **Guía Docente por asignatura**, aparecen as tres linguas nas que se pode realizar a guía docente. Neste momento aparecerá seleccionada e activa o galego

Edición de la guía docente

Tipo de rol	Profesor	Año académico	Estado
	No validado	2024/25	No publicado

La grabación de los campos de la guía docente se ha realizado correctamente

El Plan Docente es único por asignatura. En este caso, los profesores del grupo matriculable son María José Moure Rodríguez


Algunos campos de la guía docente recuperan información de la selección de apartados. Puede completar la información necesaria accediendo al **Selección de apartados**

Inglés Castellano Gallego

Porcentaje de introducción de la guía: 100%

Pulsando sobre outra lingua que se quere empregar, aparecerá un menú emerxente indicando como queremos habilitar a guía docente na lingua seleccionada. Atoparanse 3 posibles opcións:

- **Conservar o contido:** Manter o contido que xa aparece na guía nesta lingua que estamos a empregar (neste caso castelán ou inglés)
- **Duplicar o contido:** Copiar o contido de guía activa (neste caso, o galego) á guía destino (neste caso, poderá ser castelán ou inglés)
- **Borrar o contido:** Habilitar a guía na nova lingua dende cero.



Seleccionase unha opción e posteriormente púlsase en "Sí" e aparecerá activa a guía na lingua elixida.

Neste momento aparecerá resaltada en cor azul, que significa, que é a **lingua activa** na realización da guía docente

Inglés Castellano Gallego

O "check" activado significa que a lingua está habilitada. (O galego ten sempre o check activado por ser a lingua principal na edición das guías docentes)

Nos 3 casos, o/a usuario/a deberá verificar que o contido é adecuado e na lingua correspondente.

O proceso para realizar a guía en inglés segue o mesmo esquema que o explicado anteriormente.



IMPORTANTE "SE HAI QUE MODIFICAR ALGÚN APARTADO DESPOIS DA CREACIÓN DAS GUÍAS, HABERÁ QUE MODIFICALO EN TODAS AS LINGUAS DEFINIDAS NA GUÍA DOCENTE"

2.4 Validación da guía docente

Unha vez que a guía docente sexa completada e revisada polo profesorado que imparte docencia nela, o seguinte paso é a súa validación.


O/A Coordinador/a da materia será a persoa que envíe a validar a guía xa completada.


Previamente a súa validación, recoméndase revisar a guía visualizándoa en modo borrador pulsando .


Para comezar coa validación, haberá que gardar a guía pulsando  e despois .

Definición Oferta Académica > Guía Docente > Guía Docente por asignatura

Edición de la guía docente




21832 - Dispositivos optoelectrónicos			
Tipo de rol	Coordinador de la titulación 10185, 11354	Año académico	2024/25
Estado	No validada	No publicado	
			





 Preme **Selección de apartados** para acceder ao menú para seleccionar os apartados definidos:

- Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Actividades Formativas
- Sistemas de Avaliación Continua
- Contidos da Materia
- Bibliografía

Inglés Castellano Gallego

Aparecerá “**Guía docente por asignatura**” coa listaxe das materias que o/a coordinador/a de materia ten habilitadas.

O seguinte paso será enviar a validar a guía docente, seleccionándola, e pulsando .

						
						
<input checked="" type="checkbox"/>		Código	Asignatura	Estado de la guía docente	Publicación	
<input checked="" type="checkbox"/>	 	21832	Dispositivos optoelectrónicos	No validada	No publicado	

Aparecerá un menú emerxente, no que hai que confirmar o proceso de validación.

Proceso de validación ×

¿Quieres enviar las guías docentes seleccionadas al coordinador para publicar?

21832 - Dispositivos optoelectrónicos

O resultado será unha guía docente dunha materia pendente da súa validación polo/a **coordinador/a da titulación**, rematando así o proceso de cumprimentación da guía.

Neste momento o profesorado xa non podería modificar a guía.

A persoa coordinadora de titulación visualizará na páxina **“Guía docente por asignatura”** unha listaxe coa totalidade das guías docentes que terá que revisar previamente a súa validación.

Mis asignaturas enviadas a publicar

		Código	Asignatura	Estado de la guía docente	Publicación
<input type="checkbox"/>		21832	Dispositivos optoelectrónicos	Pendiente de validar	No publicado

O resultado da revisión poderá levar a:

- Validar a guía.
- Devolver ao profesorado para a súa corrección.

Profesor | **Coordinador**

Asignaturas del centro sin validar

		Plan	Periodo académico	Curso	Código	Asignatura	Clase	Estado de la guía doc
<input type="checkbox"/>		11469	Primer cuatrimestre	4	21832	Dispositivos optoelectrónicos	Optativa	Pendiente de valid

Se a guía está correcta, o/a coordinador/a de titulación valida a guía, pulsando **Validar** e aparecerá un menú emerxente, no que hai que aceptar o proceso de validación, quedando a guía preparada para a súa publicación.

Proceso de validación ×

¿Quieres validar las fichas de las asignaturas?

21832 - Dispositivos optoelectrónicos

Se a guía contén algún erro, haberá que seleccionala e pulsar **Devolver al profesor**. Aparecerá un menú emerxente no que hai que confirmar que se devolve a guía ao profesorado, indicando os motivos para a súa devolución. A aplicación enviará un correo electrónico ao profesorado notificando que ten que revisar a guía.

Proceso de desvalidación ×

¿Quieres devolver las guías seleccionadas al profesor que las ha editado para revisar?

19249 - Informática: Técnicas informáticas

Se enviará un correo electrónico al profesor para notificar que tiene que revisar la guía docente. Si quieres puedes indicar el motivo.

***Motivo:**

Motivo

Adjuntar archivo

Ningún archivo seleccionado

2.5 Publicación da guía docente

A publicación das guías docentes é responsabilidade do/a **coordinador/a de calidade** do centro ou persoa designada polo centro. Para publicar as guías, seleccionaranse as materias que correspondan e despois se pulsará **Publicar**.

+ Asignaturas del centro ya validadas

Devolver al profesor

Publicar Despublicar y devolver al profesor

<input type="checkbox"/>	Plan	Periodo académico	Curso	Código	Asignatura	Clase	Estado de la guía docente	Publicación
<input type="checkbox"/>	11403	Primer cuatrimestre	1	19248	Expresión artística: Dibujo-Forma	Formación Básica	Validada	Publicada
<input checked="" type="checkbox"/>	11480	Primer cuatrimestre	1	21637	Expresión Gráfica:	Formación Básica	Validada	No publicado

A guía publicada pode consultarse nas seguintes ligazóns:

Galego:

[https://sigma.uvigo.gal/doa/consultaPublica/look\[conpub\]InicioPubGuiaDocAs?entradaPublica=true&idiomaPais=gl.ES](https://sigma.uvigo.gal/doa/consultaPublica/look[conpub]InicioPubGuiaDocAs?entradaPublica=true&idiomaPais=gl.ES)

Castelán:

[https://sigma.uvigo.gal/doa/consultaPublica/look\[conpub\]InicioPubGuiaDocAs?entradaPublica=true&idiomaPais=es.ES](https://sigma.uvigo.gal/doa/consultaPublica/look[conpub]InicioPubGuiaDocAs?entradaPublica=true&idiomaPais=es.ES)

Aparecerá unha páxina na que haberá que elixir a materia correspondente e pulsar Ver Planes Docentes

Consulta de Guías Docentes

Buscar por estudio Buscar por asignatura

Año académico*
2025/2026

Centro*
201 - Facultad de Bellas Artes

Plan de estudios*
11403 - Grado en Bellas Artes

Curso*
1 -

Asignaturas*
1 seleccionadas

Docentes
Selecciona las opciones

Ver Planes Docentes

Aparecerá unha páxina onde aparecerán as materias seleccionadas. Poderase seleccionar as materias pulsando sobre o seu código ou sobre a súa denominación

201 - Facultad de Bellas Artes

11403 - Grado en Bellas Artes

Curso	Código Asignatura	Asignatura	Créditos	Periodo	Grupos de la asignatura e Idioma
1	19247	Anthropology: Anthropology of art	6.0	Primer cuatrimestre	+
1	19248	Expresión artística: Dibujo-Forma	12.0	Primer cuatrimestre	+

3 Relación entre Docnet e SIGMA

Os apartados das guías docentes que se realizaron na aplicación Docnet se corresponden en gran medida cos apartados da aplicación SIGMA, tal e como se indicou anteriormente en cada un dos apartados. Nesta táboa aparece de forma resumida a correspondencia entre a aplicación Docnet e SIGMA

Apartado en SIGMA	Apartado en DOCNET
0. Información da guía docente	Datos Identificativos
1. Datos Xerais	Datos Identificativos
1.1 Profesorado	Profesorado (Datos Identificativos)
1.2 Enderezo Electrónico do profesorado	Correo-e (Datos Identificativos)
1.3 Linguas de Impartición	Lingua de Impartición (Datos Identificativos)
1.4 Outras linguas de impartición	--
1.4.1. Ligazóns ás guías docentes noutras linguas	--
1.5 Descrición Xeral	Descrición Xeral (Datos Identificativos)
2. Contidos	Contidos
3.1 Actividades Formativas	Planificación
3.2 Metodoloxías Docentes	Metodoloxías Docentes
--	Atención Personalizada
4. Resultados de Aprendizaxe (RD 822/2021) / Competencias (RD 1393/2007)	Resultados de Formación e Aprendizaxe
--	Resultados previstos na materia
5.1. Avaliación Continua	Avaliación
5.2. Avaliación Global	Outros comentarios sobre a Avaliación (Avaliación)
5.3. Avaliación Extraordinaria	Outros comentarios sobre a Avaliación (Avaliación)
6. Bibliografía	Bibliografía. Fontes de Información
7. Observacións/Recomendacións	Recomendacións